

ACTA DA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA e EXTRAORDINARIA DA F.G.P. 14/01/2017

Na cidade de Rianxo sendo as 15,35 horas do día catorce de xaneiro de dous mil dezasete, reunidos @s señor@s sinalados o comezo da presente acta para celebrar Asamblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Piragüismo, todos eles convocados polo Sr. Presidente da Federación Galega de Piragüismo, nas instalacións do Auditorio Municipal de Rianxo, tomando os seguintes acordos:

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. José Alfredo Bea García.

ESTAMENTO DE CLUBS:

Club Piragüismo As Torres-Romaría Vikinga: D. Marcos Lorenzo Cerqueira.

CMDC Breogán do Grove: D. Félix J. Lamas Gondar.

Club de Mar Ría de Aldán-Hnos. Gandón: D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa.

Club Deportivo Miño-Teixugos: D. Pablo Pousa Ortega.

Club Fluvial Allariz: D. José Manuel Fernández Ortega.

Club Escuela Piragüismo Ciudad de Pontevedra: D. Oscar Ponte Baquero.

Club Fluvial Avión: D. Pedro Andrés García.

Club Fluvial de Lugo: D. Adrian Jubón Díaz.

Club Fluvial O Barco: D. Ernesto Gancedo Herreras.

Club Kayak Tudense: D. José Luis López Saavedra.

Club Náutico O Muiño: D. José Manuel Vazquez Navia.

Club Náutico Pontecesures: D. Diego Vilouta Vazquez.

Club Náutico Ría de Betanzos: D. Agustín Sánchez Rey.

Club Naval de Pontevedra: D. Carlos Paz Sánchez.

Club Piragüismo Penedo: D. Juan José Rincón Soliño.

Club Piragüismo Ciudad de Lugo: Dona Sabela Castro Martínez.

Club Piragüismo Rias Baixas-Náutico Boiro: D. **Ourille**

Club Piragüismo Vilaboa: D. José Enrique Acuña Blanco.

Club Piragüismo Viveiro: D. Rodrigo Navarro Fernández.

Real Club Náutico Rodeira de Cangas: Dona Gabriela González Piñeiro.

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. Diego Piña Estévez.

Dona Jessica Moledo Rial.

D. José Jorge Carro Fernandez.

D. José Jorge Carro Fernández.

Dona M^a Cruz Seco Pérez.

ESTAMENTO DE TÉCNICOS:

D. Antonio Polo Campelo.

D. Juan José Costal Filgueira.

D. Martín Carballo Méndez.

ESTAMENTO DE ÁRBITROS:

D. Antonio Romero Vila.

D. Enrique Míguez Gomez.

D. José Manuel Paraje Martinez.

OUTROS ASISTENTES (con voz, pero sin voto)

D. Marcos Cid Pérez (Tesoreiro da F.G.P.).

Iniciase a Asamblea con un total de vintecinco membr@s acreditados, mailo Presidente da FGP.

O longo da asamblea foron incorporandose membr@s da mesma ata acadar o número de trinta e un (incluído o Presidente).

1º LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DAS ACTAS DE ASAMBLEAS ANTERIORES: (16-01-16), (29-05-16) e (17-12-16).

Xunto coa convocatoria e a documentación da presente assemblea, tamén se achegou a `todol@s membr@s` as copias do borrador das actas que agora se traen para a súa aprobación.

Carlos Paz (Naval de Pontevedra), indica que na acta da assemblea do 16 de xaneiro, houbo un importante debate no punto que se aprobou a remuneración do cargo de presidente, e que non se recolle boa parte do mesmo.

Asimesmo, indica que na acta do 25 de maio, recollese na acta que foi convocada a proposta del, pero que en realidade foi a proposta do tesoreiro.

Carlos Paz tamén fai unha alegación a acta extraordinaria do 17 de decembro, e pide que se recolla a súa opinión na que consideraba que os gastos de produción para TV excesivos, non dando a súa aprobación as contas polos erros no informe de auditoría, e por non estar de acordo coa a partida de 40.101,48€ de material que figura no inmovilizado o entender que debería ser amortizado por ter sido repartidos entre os clubs.

Tras recollar as alegacións realizadas por Carlos Paz, e sin que ningún outro membro da assemblea presentase máis alegacións;ponse a votación a aprobación das tres actas, saíndo aprobadas por 19 votos a favor, 6 abstencións e ningún en contra.

2º INFORME PRESIDENTE, MEMORIA DEPORTIVA.

O presidente fai un resumen dos grandes resultados dos deportistas e clubs galego na temporada 2016; tanto a nivel nacional, como internacional, e sobor de todo, nos Xogos Olímpicos de Río 2016.

Toma de novo a palabra o presidente para dar conta de diferentes reunións e negociacións mantidas coas diferentes administracións para o aumento e axudas a clubs, como no tema do patrocinio da Fundación Deporte Galego/Abanca, que tivo un importante incremento en dous anos. Pasando de 103.000€ no ano 2014, a 212.000€ en 2016.

Asimesmo destacou o aumento das axudas das Deputacións Provinciais aos clubs, sa sexan por actividade deportiva, ou por eventos.

Voltando o tema deportivo, o presidente da conta da asistencia e aumento de participación e aumento; tanto de clubs, como de deportistas; en competición nacional.

Tamén destaca a asistencia galega en competición internacionais formando parte da selección española, e fai unha comparación porcentual fronte as demais federacións autonómicas.

Como exemplo decir, que a participación galega en piragüismo nos anteriores Xogos Olímpicos representou o 40% do equipo español; e nos Xogos Olímpicos de Rio 2016, e a participación de padexeir@s galeg@s supuxo o 44% do equipo español.

Logo o presidente pasou os temas xudiciais que ten pendente a F.G.P., como na reclamación xudicial presentada contra a R.F.E.P. polas licenzas. Onde nunha primeira sentenza non nos deron a razón, pero que se voltou a recurrir porque considerase que a F.G.P. ten razóns suficientes para voltar a reclamar e a explicación dada na sentenza non nos convenceu do contrario.

No outro caso aberto coa R.F.E.P. onde esta nos reclama débedas de anos anteriores con outras directivas, por un total de aproximado de 140.000€. O presidente adiantou que dende 2014 a R.F.E.P. non está aboando nada a F.G.P. e está compensando o que tiña que ingresar con esa suposta débeda.

O xuízo por este asunto celebrouse recentemente, explicando o presidente que o avogado da R.F.E.P. pideu que se retirara o informe presentado polo perito proposto por eles mesmos, chegando a pedir a anulación do xuízo e a presentación doutro informe por parte de outro perito. Estando pendente de que o xuíz emita senteza de este procedemento.

Pasou logo o presidente a falar da vertente turística do noso deporte e a dar conta dos pasos que se están dando neste senso. A marca “BasesKDM” xa está homologada, dispoñendo xa do seu regulamento e contrato de adhesión, que van ser enviados proximamente os clubs. Tamén se esta traballando na marca “Senderos de Agua”, que terá os mesmos fins, pero será para auga interiores (rios, encoros, etc).

Asimesmo dou conta de que se solicitou información, para ser a primeira federación deportiva galega en formar parte do Cluster de Turismo de Galicia. Con todo o que esto vai a supoñer de promoción turística oficial.

Voltando o tema deportivo, resaltou que das oito Copa Nacionais, seis foron gañadas por clubs galegos, que se impuxeron nas catro copas de categoría femininas.

Tamén dou conta da nova páxina web da F.G.P., destacando que no apartado de licenzas podese ollar o día, así como o número de licenzas e por club.

Por outra banda, tamén dou conta do interés amosado por dous concellos galego, para a adecuación de un tramo de río para crear un canal de slalom, dende a F.G.P. facilitouse toda a información posible e seguíase insistindo de cara a que algún destes proxectos poida saír adiante.

Carlos Besada, pasou a dar o informe da modalidade de kajak de mar; onde destacou a celebración de nove eventos entre Copa e Liga, con un importante aumento na participación: tanto en número de clubs, como de deportistas; o longo dos últimos catro anos.

Tamén informou a assemblea de que a clasificación individual vai cambiar de cara a vindeira temporada, para que sexa máis clara e concisa.

Marcando os obxetivos da modalidade de kajak de mar para o 2017: mellor calidade dos eventos, integrar o “Paleo a Pé” – SUP, popularizar o certamen fotográfico e consolidar as regatas Ocean Race.

Juan José Costal, fai unha exposición do traballo realizado dende a Comisión Técnica, cos diferentes grupos do C.G.T.D e os grupos de seguimento de diferentes categorías.

Dando conta que no período 2015/2016, a Comisión Técnica dirixeu o seu traballo cara o grupo Sub 23, a Tecnificación e, o Programa de Seguimento de Deportistas: Novas Promesas e Detección de Talentos.

A Tecnificación acolle a 25 deportistas (6 de slalom), con catro técnicos. O Grupo de Seguimento iniciouse con 29 padexeiro (6 de slalom), chegando a este ano a estar dirixido a 89 padexeiros de augas tranquilas e 17 de slalom.

Organizaronse dende a Comisión Técnica:

- 11 regatas e controis con unha media de 150 deportistas.
- 17 concentracións nas que participaron 106 deportistas, que sumaron un total de 28 días.
- 2 xornadas de formación, con unha media de 50 asistentes.
- 18 visitas a un total de 9 clubs (que o solicitaron) por parte da técnica responsable.

Tras este punto, debería tratarse o punto 3 da orde do día “Memoria Económica. Peche económico exercicio 2016”, acordándose deixar para o final, pasando a tratar o punto 4.

4º RATIFICACIÓN DA PROPOSTA DA C.D. PARA O REPARTO DE EQUIPOS ENTRE A 1ª e 2ª DIVISIÓN, ASCENSOS E DESCENSOS.

PROPOSTA DA C.D. SOBRE O REPARTO DE EQUIPOS ENTRE 1ª e 2ª DIVISIÓN, E SISTEMA DE ASCENSOS e DESCENSOS

Na pasada Asemblea Xeral aprobouse que ó remate da temporada 2016 e coas clasificacións das distintas ligas, confeccionárase o reparto de equipos en divisións 1ª e 2ª, de cara a temporada 2017.

Acordouse en reunión da X.D. (02-10-2016), non eliminar das clasificacións os equipos que non competiron no 50% máis unha da Liga; e propónse o seguinte reparto de clubs nas diferentes Ligas:

A) Os 15 primeiros clasificados en cada Liga Masculina, pasarían directamente a formar parte da 1ª División, pasando o resto a formar a 2ª División.

B) Os 10 primeiros clasificados en cada Liga Feminina, pasarían directamente a formar parte da 1ª División, pasando o resto a formar a 2ª División.

Asimesmo, tamén se acordou propoñer o seguinte sistema de ascensos/descensos coa posta en marcha das ligas de 1ª e 2ª División.

- A) Nas Ligas Masculinas, ascenderán/descenderán 3 equipos.
- B) Nas Ligas Femininas, ascenderán /descenderán 2 equipos.

Os equipos que non participen no 50% máis unha das competicións da Liga, non podrán militar na categoría superior.

Esta proposta foi aprobada pola Comisión Delegada do 07-10-2016, quedando pendente de ser ratificada pola Asemblea Xeral.

O presidente explica as razóns da proposta da Comisión Delegada, que quedou pendente de ratificación por parte da Asemblea.

José Manuel Fernández (Allaríz), explica que esta proposta se aprobou na Comisión Dalegada co seu voto en contra; pois el propoñía que os grupos de Primeira División acollerán a 20 clubs nas Ligas masculinas, e a 15 nas Ligas Femininas.

O presidente propón que sexa a Asemblea que decida, poñendo a proposta da C.D. a votación, e aceptada quedaría como está. Si tiverá máis votos en contra quedaría aprobada a proposta de José Manuel Fernández, cumprindo o resto das condicións presentadas pola Comisión delgada.

Explicada esta salvedade, ponse a votación a proposta da C.D., que da o seguinte resultados: 7 votos a favor, 9 votos en contra e 13 abstencións.

Polo que se aproba a proposta da C.D. pero co número de clubs da proposta de José Manuel Fernández, e decir que a Primeira División acollerá a vinte equipos nas Ligas Masculinas e a 15 equipos nas Ligas Femininas.

5º PROXECTO DE ACTIVIDADES, REGULAMENTO e BORRADOR DE CALENDARIO 2017.

Enviados previamente, coa documentación da Asemblea, os regulamentos das distintas Ligas Galegas e Provinciais, pasase a súa votación.

Regulamentos das Ligas Provinciais de: Ourense, Pontevedra e A Coruña.

O Delegado Provincial de Lugo, Martín carballo, informa de que o regulamento da Liga Provincial de Lugo, non recolle cambios con respecto a temporada anterior e que xa foi aprobado en Asemblea.

M^a Cruz Seco (estamento de deportistas) día que no regulamento de Pontevedra que recolle infantís e non recolle unha idade mínima dos padexeir@s. Indicandolle que a idade mínima para a competición é de 8 anos.

Poñense a votación este regulamentos e saen aprobados por: 23 votos a favor, 1 en contra e 3 abstencións.

Regulamentos das Ligas de Kaiak de Mar.

Neste apartado, o presidente da conta do contacto que mantivo co presidente da federación internacional, sobre a modalidade do SUP, confirmandolle este que o piragüismo vai reclamar a modalidade do SUP a nivel internacional.

Polo que dende a F.G.P. vaise a apostar polo SUP e vaise acambiar neste regulamento a puntuación do SUP, que puntuará como como unha categoría máis, quedando pendente de realizar un anexo a este regulamento, para regular este nova modalidade.

Posto a votación este regulamento, é aprobado por: 16 votos a favor, 2 en contra e 12 abstencións.

Regulamentos das Ligas de Slalom Olímpico e Promoción de Slalom.

Explica o presidente que estes regulamentos xa foron consensuados nunha reunión dos clubs de esta modalidade.

Postos a votación, saen aprobados por: 12 vosto a favor, 1 en contra e 16 abstencións.

Regulamentos das Ligas de Kaiak Polo.

Postos a votación, saen aprobados por: 9 votos a favor, 19 abstencións e ningún voto en contra.

Regulamento Xeral das Ligas Galegas, Regulamentos das Ligas de Infantís, Cadetes, Xuvenís e Seniors.

Antonio Romero (Estamento de Árbitro), como novo presidente do Comité de Árbitros, informa que dende este comité se enviou a F.G.P., unhas propostas que se deberían incluír nos regulamentos.

O presidente indica que hai uns prazos legais para presentar as propostas para incluír na asemblea; pero que neste caso a elección de novo presidente do Comité de Árbitros foi moi recente, polo que as súas propostas chegaron tarde para incorporalas a esta Asemblea.

Pero o mesmo tempo, podense asumir na súa maior parte, polo que se lerán a Xunta Directiva, para logo traladalas para a súa aprobación a Comisión Delegada. Pasando a dar conta de varias das propostas dos árbitros que poden ser integradas nos regulamentos.

Asimismo, dende o Comité de Árbitros fixeron chegar uns requisitos mínimos para a organización de regatas, que se incorporarán nos convenios que se asinen cos organizadores.

Tamén aclara o presidente, que dende a internacional esta previsto facer algún cambios nas modalidades e distancias olímpicas, e que estes cambios se adaptaran nos Campionatos Galegos de Pista, coa salvedade co C-4 1.000 m., que se seguirá mantendo.

José Manuel Vázquez (O Muiño de Ribadumia) solicita que se lle entreguen os regulamentos aprobados, impresos en papel e sellados.

Carlos Paz, opina que nas regatas de pista, o tempo de peche de control nas contrarreloxs, debería ser o mesmo, e non diferente como se propón.

O presidente explica o porque da ampliación do tempo do peche de control nas finais de pista, e que foi proposta presentada por varios clubs. Quedando pendente de ver si esta diferenza de tempo, non produce problemas técnicos o aplicarlos nas regatas.

Carlos Paz, tamén opina que as categorías mixtas de barcos de equipo deberían participar en regatas a parte. E da conta que o seu club tamén presentou propostas para a creación da Liga de Pista e a Liga de Ríos e Travesías, que non se aceptou; pero quere así manifestalo.

O presidente respotalle que na assemblea extraordinaria celebrada en decembro, aprobouse a creación do "Comité da Liga", estase a traballar no seu regulamento que se pasará os clubs para que fagan as súas aportacións. E será ese organismo o que estudiará os temas de competicións, premios, repartos, etc.

Poñense a votación o Regulamento Xeral, e os das Ligas Infantís, Cadetes, Xuvenís e Sénior saíndo aprobados por: 21 votos a favor, 5 abstencións e 4 en contra (un deles do representante do Club Naval de Pontevedra).

Regulamentos das Ligas de Veteranos.

Ponse a votación a proposta que achegaron dende varios clubs e que asumeu a Xunta Directiva, de que nas regatas de pista das categorías de veteranos, nas embarcacións de equipos; as categorías se dividan en: veteranos "A" e veteranos "B" (sendo o corte os 45 anos).

Aprobouse por: 18 votos a favor, 5 abstencións e 7 en contra (un deles do representante do Club Naval de Pontevedra)

Algúns dos membros da assemblea, opina que esta división en categoría veteranos "A" e "B", en barcos de equipo, tamén se debería ampliar as regatas de ríos e travesías; polo que o presidente di que sexa a assemblea quen o decida.

Polo que se pon a votación que as categorías de veteranos en barcos de equipo en ríos e travesías, quede tal e como está; saíndo aprobada por: 17 votos a favor, 4 en contra e 9 abstencións.

O secretario dá conta dalgunha variación de última hora.

O presidente anuncia que se van a pedir regatas nacionais en todas as modalidades para que se disputen en Galicia.

Asimesmo, da conta de que se celebrarán regatas fora da liga, e decir que grazas o número importante de solicitudes para a organización de regatas para ríos e travesías, o cupo esta cuberto. Polo que algunhas das regatas que organice a propia F.G.P. non entrarán a puntuar para as Ligas pero nas mesmas farase reparto económico directo os clubs, evitando así o incrementar o número de regatas das Ligas.

Carlos Paz, pregunta porque se leva o Campionato galego de Inverno a Taboada, cando o lugar non cumpre as condicións para acollelo.

O presidente resposta que se visitou o lugar e informa de que no mesmo se realizaron melloras, e que dende o Concello van a facilitar todo o que poidan para adecuar a zona.

Ponse a votación o calendario 2017, saíndo aprobado por. 28 votos a favor , 1 abstención e 1 en 2 en contra (un deles do representante do Club Naval de Pontevedra).

6º REGULAMENTO CUSTO LICENZAS 2016-2017.

O presidente da conta do incremento que se produxo, que se debeu o aumento do seguro.

Asimesmo informa da proposta que vai levar a RFEP a assemblea, de subir 1€ a cuota das licenzas, onde Galicia vai votar en contra. Comprometendose o presidente a que, no caso de que se aprobe a esta subida; a F.G.P. non se aplicará con carácter retroactivo; aplicandose só a partir da data da aprobación da mesma.

Posto a votación este punto, é aprobado por : 27 votos a favor, 3 abstencións e ningún voto en contra.

7º REMUNERACIÓN PRESIDENTE.

Para tratar este asunto o Presidente levántase e anuncia que abandoa a reunión, os membros da Asamblea opinan que non é necesario, polo que queda na sala, pero non intervenen no debate.

PROPOSTA DE REMUNERACIÓN DO PRESIDENTE DA F.G.P. PARA A TEMPADA 2017.

Na assemblea do 16-01-16, aprobouse a modificación dos Estatutos onde se recolle a remuneración do Presidente da F.G.P., así como o compromiso de levar anualmente ante a Asamblea Xeral Ordinaria a aprobación da cuantía do salario a percibir.

Para a tempada 2017 se propón a Asemblea establecer un salario bruto anual, o igual que na temporada 2016; por importe de 1 € máis que o salario do traballador da Federación Galega de Piragüismo que máis cobra.

O salario máis elevado de 2016 foi de 26.183,00 € polo que se propón fixar o salario do Presidente en 26.184,00 € brutos anuais.

Carlos Paz, solicita que se poña o custo total que esto supón para a F.G.P. Información que se facilitou a través do tesoreiro, que indicou que o custo total anual é de 34.555,00 €.

Ponse a votación este punto, saíndo aprobado con: 23 votos a favor, ningún en contra, e seis abstención (unha do representante do Naval de Ponvedra).

Tras este punto, retomase o punto 3 da orde do día

7º MEMORIA ECONÓMICA-PECHE ECONÓMICO EJERCICIO 2016.

Toma a palabra o tesoreiro para explicar, que a pesar de que na anterior asemblea Extraordinaria se acordou o peche do exercicio económico a 31 de outubro; esto non será oficial ata o próximo exercicio.

Polo que o peche do exercicio 2016 debe realizarse a 31 de decembro; polo que esta asemblea debe delegar o peche na Comisión Delegada ou ser aprobado en outras asemblea Extraordinaria antes de 31 de marzo.

A continuación o tesoreiro informou dos datos económicos de 2016 ata 31 de outubro; que ofrece nesa data un beneficio de 71.198,14€. Explicando algúns aumentos en partidas, ou a redución en outras, como a partida de gastos financeiros e xurídicos.

Antonio Romero (árbitros), solicita que nos gastos de cursos que organiza a F.G.P: os gastos que ocasionen, veñan separados os de cursos de técnicos e os de cursos de árbitros.

Respostando o tesoreiro que no vindeiro exercicio, xa virá así recollido.

Continua explicando o tesoreiro, que o ter fondos propios negativos, os auditores indican que se levan a fondos voluntarios pola disputa de débedas que temos coa R.F.E.P.

Polo que a 31 de outubro recollese unha débeda de 276.000€, onde se inclúen as provisións voluntarias de 246.000€ por diferencias coa R.F.E.P. e outros 77.000€ pola posible reclamación da Xunta de Galicia.

Tras a intervención da tesoreiro, o presidente pide que por último ano se faculte a Comisión Delegada, para o peche económico de 2016.



Federación Galega Piragüismo

www.fegapi.org



Posto a votación este asunto, sale aprobado por: 23 votos a favor, 7 abstencións e 1 en contra (do representante do Naval de Pontevedra).

Levantase a sesión cando son as 18,10 h., dando fe de todo o recollido e asino a presente co visto e praxe do Presidente.

Visto e Praxe Presidente

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García

Secretario.